

Procedemento para a realización de exames oficiais de materias de distintos cursos do Grao en traballo social en casos de sincronía de data e hora no mesmo ano académico:

A realización de probas oficiais de carácter global das materias dos estudos de grao na USC, están reguladas pola seguinte Normativa de avaliación:

Resolución do 15 de xuño de 2011 pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.(2011).DOG, 140, 30 de marzo.

Resolución do 5 de abril de 2017 pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Pleno ordinario do Consello de Goberno do 5 de abril de 2017.(2017).DOG, 87, 8 de maio.

Resolución do 12 de maio de 2025 pola que se ordena a publicación no Diario Oficial de Galicia da modificación da normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións aprobada polo Acordo do Consello de Goberno na súa sesión do 30 de abril de 2025. (2025).DOG, 95, 20 de maio.

En dita normativa sinálase que:

*Na programación do calendario de exames evitárase que un estudante sexa convocado a probas oficiais de carácter global de distintas materias do mesmo curso nun prazo inferior a vinte e catro horas. En todo caso, terá dereito a que a realización das probas oficiais de carácter global correspondentes non lle coincidan en data e hora dentro do mesmo curso. **Os centros deberán regular o procedemento para garantir o dereito do alumnado á non coincidencia das probas oficiais de materias correspondentes a cursos diferentes en día e hora.***

Para os casos en que a coincidencia de día, ou día e hora, se produza en materias de distintos cursos do grao procede establecer o procedemento que permita ao estudantado afectado realizar o exame, podendo efectuarse, se fose necesario, en datas distintas.

En base ao anterior a Xunta de Centro da EUTS **aprobou na súa reunión de 30 de outubro de 2025 o procedemento para o Grao en Traballo Social.**

Cando un/unha estudante estea matriculado/a en materias de distintos cursos e haxa coincidencia en día e hora das probas oficiais, poderá presentar unha solicitude individualizada para someter á consideración da Comisión de Título os posibles cambios para garantir a non coincidencia, mediante o procedemento seguinte:

Primeiro:

Solicitude dirixida á Comisión de Título indicando as materias nas que hai coincidencia.

Segundo:

A solicitude poderá presentarse ata un mes antes do inicio do período oficial de exames fixado pola USC, correspondente á oportunidade na que se dea a coincidencia.

Terceiro:

A Comisión de Título resolverá a solicitude **no prazo de dez días**, previa comprobación da situación, e tras a consulta ao profesorado responsable das materias afectadas, para acordar nova hora para a realización do exame dunha delas, podendo efectuarse, se fose necesario, en distintas datas.

Cuarto:

Comunicarase o/a estudante e ao profesorado responsable das materias implicadas, o novo día, hora e aula de realización do exame para o que se fixe a nova hora, e se fose necesario en distintas datas